



Padrón

Concello de Padrón

CIF: P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 150/2016.

Tendo en conta que o vindeiro día 18 de marzo de 2016 remata o prazo para subir á plataforma da Deputación Provincial da Coruña a solicitude de participación no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 convocado por aquela e que debe ser aprobada polo Pleno da Corporación Municipal.

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **14 de marzo de 2016 (luns) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

Único.- Aprobación do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 convocado pola Deputación Provincial da Coruña.


Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 10 de marzo de 2016



Alcalde
Aldo: Antonio Fernández Angueira



Ante mín
Secretaria

Aldo: Ana María Ares Álvarez